

## ACTA Nº 01/10

### **SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 4 DE XANEIRO DE 2010**

#### **Asistentes:**

#### CONCELLEIROS:

D. Valentín Piñeiro González.  
D. Arturo González Pérez.  
D. Víctor Manuel Pastoriza Lino.  
D. Daniel Rodas Chapela.  
D.<sup>a</sup> Libertad Cruz Couso

Secretario: Carlos Piñeiro Sarmiento

Na casa do Concello de Moaña, o 4 de xaneiro de 2010, reúnense as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:15 horas.

#### **1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.**

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local número 52/09, do 09/12/09, e a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar dita acta.

#### **2.- LICENZAS DE OBRAS**

Vistos os expedientes instruídos a instancia dos interesados que de seguido se relacionan e examinado o informe do técnico e do secretario municipais, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obra, que será efectiva, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circía subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

**2.A) EXPTE. 28/09 – D. MANUEL ROSALES MARTÍNEZ** presenta proxecto básico e execución de adaptación de muros existentes para a legalización dos cerres laterais do terreo (expte. 26/08 de reposición da legalidade urbanística), sitios no barrio

de Couso, núm. 80, de conformidade co proxecto presentado, redactado polo arquitecto D. Javier Rial Lemos, visado na data 16.02.2009.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 28 de decembro de 2009, que literalmente di:

**ASUNTO:** PECHE DE FINCA (OBRA MAIOR)

**INFORME:** **Procede licenza** da obra.

Require informes sectoriais.

No expediente consta informe favorable da Xefatura Teritorial da Consellería de Cultura e Turismo sobre a legalización do peche coas seguintes condicións:

- Deberá executarse a totalidade do proxecto de legalización de peche coas modificacións presentadas.
- Non poderán realizarse movementos de terra para a implantación dos postes de pedra, debendo ir en todo caso cravados ou dispostos sobre a zapata do muro que se derroube.

A execución da obra conforme a licenza comporta a legalización da mesma-

### **Liquidación provisoria de tributos**

Imposto s/construción..... 61,44 €

Taxas licenza urbanística..... 65,00 €

**2.B) EXPTE. 212/09 – D. MARTÍN JUNCAL NÚÑEZ** presenta proxecto de execución de reforma e ampliación de vivenda unifamiliar, sita no Lago de Abelendo, núm. 172, do barrio de Abelendo-Moaña, de conformidade co proxecto presentado, redactado polo arquitecto D. Gumersindo Vázquez Gómez, visado o día 22.10.2009.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 28 de decembro de 2009, que literalmente di:

**ASUNTO:** PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA REFORMA E AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR

**INFORME:** **Procede licenza** por resultar compatible coa normativa urbanística.

Proxecto de execución.

No expediente consta a acta de replanto para o sinalamento da alineación, fixación de cesións e fianza subscrita polo arquitecto técnico municipal con data de 13 de novembro de 2009 para ordenanzas 2.

Quedan modificados os planos 2 e 6 por outros de idéntica numeración visados polo COAG con data 10/12/2009.

Non require informes sectoriais.

Cumpre coas normas do hábitat de Galicia.

Cédese 77,50 m<sup>2</sup>, resultado de aplicar a afección do sistema viario sobre a parcela co obxecto de incorporalo a este.

Constitúese fianza por importe de 420,83 euros, contía que responde aos gastos de urbanización simultánea a acometer polo peticionario.

A superficie da parcela segundo medición técnica ascende a 565,00 metros cadrados.

No expediente consta o estudo básico de seguridade e saúde.

A eficacia desta licenza condiciónase a ter rematadas as obras de edificación e urbanización simultánea enprazo; para recibir estas últimas polo Concello e facultar a conexión coas

infraestruturas correspondentes levaranse a cabo obtendo a licenza de primeira ocupación antes do primeiro uso.

Notas para o informe xurídico:

Á presente licenza aplícaselle o disposto na Lei 9/2002, disposición transitoria primeira 1.b) por ser solo urbano con planeamento aprobado ao abeiro da Lei 11/1985, polo tanto, non adaptado á Lei 1/1997 por reunir as condicións do artigo 12.a) da Lei 9/2002 para a condición de soar.

#### **Liquidación provisoria de tributos**

Imposto s/construción.....	2.226,01 €
Taxas licenza urbanística.....	198,75 €
Cartel de obra .....	110,00 €

**2.C) EXPTE. 239/09 – D. JULIO CÉSAR IGLESIAS CORBACHO** presenta proxecto básico e de execución de adición de semisoto para garxe nunha vivenda unifamiliar existente no barrio de Couso, Meira, redactado polo arquitecta D.<sup>a</sup> María Teresa Fernández Iglesias, visado o 4 de decembro de 2009.

Dáse conta do informe do aparellador municipal do día 29 de decembro de 2009, que literalmente di:

**ASUNTO:** PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE ADICIÓN DE SEMISOTO PARA GARAXE NUNHA VIVENDA UNIFAMILIAR

**INFORME:** **Procede licenza.**

Non require informes sectoriais.

A acta de replanteo para o sinalamento de alineacións, fixación de cesións e fianza polos gastos de urbanización son os correspondentes ao expediente cuxa licenza corresponde co número 162/2007; sendo os condicionados os establecidos para esta resolución.

#### **Liquidación provisoria de tributos**

Imposto s/construción.....	257,60 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra .....	110,00 €

### **3.- OBRAS MENORES**

Visto o expediente instruído a instancia do interesado que de seguido se relaciona e examinado o informe do técnico, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos señores asistentes, acorda conceder a licenza de obra menor, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia suxeición ós condicionamentos establecidos no devandito informe, e tralo pagamento das taxas correspondentes.

**EXPTE. 232/09 – D. JOSÉ LUIS RIOBÓ PENA** solicita licenza municipal de obras para levantamento e reposición de tubería de conexión á rede de sumidoiro municipal, reposición de solado con plaqueta cerámica, un acceso de comunicación exterior entre os diferentes niveis mediante unha escaieira e rampla, instalación dunha porta na sala de caldeiras, todo isto na súa vivenda, sita na rúa do Pico, núm. 8, do barrio da Ribeira, Meira, de conformidade coa documentación presentada.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 29 de decembro de 2009, que literalmente di:

**ASUNTO:** REPOSICIÓN DE TUBERÍA CON ARQUETA DE CONEXIÓN Á REDE DE SUMIDOIROS, ESCALEIRA E RAMPLA EXTERIOR ENTRE NIVEIS EXTERIORES E COLOCACIÓN DUNHA PORTA.

**INFORME: Procede licenza.**

Non require informes sectoriais.

Na presente licenza queda excluída a reposición de lousado con plaqueta. Para levar a cabo a presente partida requírese a previa solicitude de acta de replanteo para definir a alineación oficial á cal debe axustarse a obra.

A concesión da licenza implica a cualificación do carácter de legalizable da infracción do expediente de reposición da legalidade incoado 53/09.

**Liquidación provisoria de tributos**

Imposto s/construción .....	33,60 €
Taxas licenza urbanística .....	65,00 €

**4.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN**

**4.A)** O concelleiro delegado de Urbanismo informa á Xunta de Goberno Local do escrito formulado por D<sup>a</sup>. Rosa Martínez Barreiro en representación de CORDEIRO, S.L. no que SOLICITA licenza de primeira ocupación para vivenda unifamiliar situada en Quintela (parcela nº 8), pertencente á licenza de obra Expte. nº 177/2004 [concedida pola XGL en sesión de data 18.10.2004].

Considerando que a dito escrito únese a documentación esixible para o trámite de licenza de primeira ocupación, e visto o informe do técnico municipal de data 4 de xaneiro de 2010 que di:

**INFORME DE SOLICITUDE DE LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN**

**DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA**

- copias dos recibos da taxa de licenza urbanística e liquidación provisional do imposto de construción.

- certificado final de obra, conforme a obra foi rematada segundo o proxecto aprobado e a documentación técnica que o desenvolve, asinado polo arquitecto técnico D. Humberto Guimeráns Gallego, o día 04 de setembro de 2009, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos Técnicos de Pontevedra o día 14 de outubro de 2009; asinado polo arquitecto D. José Díaz de la Iglesia o día 04 de setembro de 2009, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 3 de novembro de 2009.

- Fotografía e planos do estado final da obra rematada e acordos coa licenza adxudicada.

- Copia de declaración simplificada de alteración de bens inmobles de natureza urbana. Modelo 902-N.

**INFORMO:**

Tras visitar a obra e comprobar que esta se executou conforme ao proxecto para o que se lle outorgou a licenza de obra, que as obras de urbanización da cesión se atopan totalmente rematadas e que posúe toda a documentación esixida, informe **favorablemente** a concesión de licenza de primeira ocupación.

**Liquidación provisoria de tributos**

Licenza primeira ocupación ..... 130,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de primeira ocupación para vivenda unifamiliar dimanante da licenza en Expte. nº 177/2004, á súa promotora CORDEIRO, S.L., nos termos sinalados no informe do técnico municipal.

**4.B)** O concelleiro delegado de Urbanismo informa á Xunta de Goberno Local do escrito formulado por D<sup>a</sup>. Rosa Martínez Barreiro en representación de CORDEIRO, S.L. no que SOLICITA licenza de primeira ocupación para vivenda unifamiliar situada en Quintela (parcela nº 5), pertencente á licenza de obra Expte. nº 175/2004 [concedida pola XGL en sesión de data 06.06.2005].

Considerando que a dito escrito únese a documentación esixible para o trámite de licenza de primeira ocupación, e visto o informe do técnico municipal de data 4 de xaneiro de 2010 que di:

**INFORME DE SOLICITUDE DE LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN**

**DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA**

- copias dos recibos da taxa de licenza urbanística e liquidación provisional do imposto de construción.

- certificado final de obra, conforme a obra foi rematada segundo o proxecto aprobado e a documentación técnica que o desenvolve, asinado polo arquitecto técnico D. Humberto Guimeráns Gallego, o día 30 de setembro de 2009, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos Técnicos de Pontevedra o día 14 de outubro de 2009; asinado polo arquitecto D. José Díaz de la Iglesia o día 30 de setembro de 2009, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 3 de novembro de 2009.

- Fotografía e planos do estado final da obra rematada e acordos coa licenza adxudicada.

- Copia de declaración simplificada de alteración de bens inmuebles de natureza urbana. Modelo 902-N.

**INFORMO:**

Tras visitar a obra e comprobar que esta se executou conforme ao proxecto para o que se lle outorgou a licenza de obra, que as obras de urbanización da cesión se atopan totalmente rematadas e que posúe toda a documentación esixida, informe **favorablemente** a concesión de licenza de primeira ocupación.

**Liquidación provisoria de tributos**

Licenza primeira ocupación ..... 130,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de primeira ocupación para vivenda unifamiliar dimanante da licenza en Expte. nº 175/2004, á súa promotora CORDEIRO, S.L., nos termos sinalados no informe do técnico municipal.

**5.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA DE APERTURA**

**EXPEDIENTE 43/09 – D. DAVID BARREIRO BARREIRO**

Don DAVID BARREIRO BARREIRO, por instancia presentada o día 3 de decembro de 2009, expón que é o novo titular do establecemento dedicado á actividade de PELUQUERÍA DE CABALEIROS situado en Concepción Arenal, 174 e solicita o cambio de titular da licenza municipal.

Foi requirido para que presentase a baixa da declaración censal do transmitente e pagase as taxas, para poder continuar coa tramitación da súa solicitude.

Visto o informe do encargado do negociado de aperturas do día 29 de decembro de 2009, que literalmente di:

A petición do Concellal Delegado de Urbanismo, en data do 29.12.09, en relación coa solicitude presentada por D. DAVID BARREIRO BARREIRO, na data do 03.12.2009, pola que solicita o cambio de titularidade ó seu nome, dunha Licenza de Apertura de PELUQUERÍA, sito na rúa Concepción Arenal, 174, pertencente a D. JULIO FERNÁNDEZ CURRÁS, teño a ben poñer no seu coñecimeinto o seguinte:

Que comprobado o Libro de Rexistro de Concesións de Licenzas de Apertura, **consta no mesmo**, Licenza Municipal de PELUQUERÍA, sito na rúa Concepción Arenal 174, pertencente a D. JULIO FERNÁNDEZ CURRÁS. **Xunta de Goberno Local de data do 09 de agosto de 1971.**

**Liquidación provisoria de tributos**

Cambio de titularidade licenza de apertura ..... 90 €

A Xunta de Goberno Local acorda, por unanimidade das persoas asistentes, o cambio de titularidade da licenza de apertura de PELUQUERÍA, sita na rúa

Concepción Arenal nº 174, Tirán, pertencente a **D. JULIO FERNÁNDEZ CURRÁS**, aprobada pola **Comisión de Goberno de data do 09.08.1971**, a favor de **D. DAVID BARREIRO BARREIRO**.

## **6.- LISTADO DEFINITIVO DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS E VALORACIÓN DEFINITIVA DE CURRÍCULOS DO PROCESO DE SELECCIÓN DE PERSOAL PARA CUBRIR SUBSTITUCIÓN E TRABALLOS EVENTUAIS DE CURTA DURACIÓN 2010-2011.**

Dáse conta da Acta complementaria presentada polo tribunal calificador:

Publicadas en data 30 de decembro de 2009 as listas definitivas do proceso de selección de persoal para cubrir substitucións e traballos eventuais de curta duración 2010-2011, aprobadas pola Xunta de Goberno de data 28/12/09, en esta mesma data 28 de decembro de 2009 recíbense no Concello de Moaña novas alegacións que sen embargo foron presentadas no rexistro administrativo da Xunta de Galicia dentro do prazo reglamentario de alegacións. Por tanto, procede o tribunal á súa valoración e modificación correspondente das listas definitivas.

A Xunta de Goberno, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar esta acta complementaria que inclúe a lista definitiva, despois de valorar as reclamacións presentadas, no número de nove.

Dita lista comenza con

Admitidos: por OFICIAL DE 1ª - JOSE ANTONIO HERBELLO HERBELLO, con 6.25 puntos, e remata con

Excluídos: FORGIARINI GIAVANNI, documentación fóra de prazo, e cun total de 22 páxinas

## **7.- MODIFICACIÓN SERVIZO AXUDA NO FOGAR**

Visto o informe da traballadora social de data 4 de xaneiro de 2010 sobre modificacións no SAF, que di:

- Ricardo Adrover Vicente: por falecemento, cambiarase o titular a nome da súa muller: Benedicta González Veiga, nas mesmas condicións que se prestaba.

- Carmen Fervenza Rúa: anularanse as mensualidades de outubro, novembro e decembro por atoparse ausente por enfermidade.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta da traballadora social nos seus propios termos.

## **8.- VADOS**

Con data 21 de outubro de 2009, D<sup>a</sup> MARÍA GONZALVES NOGUEIRA, presenta instancia na que solicita un vado permanente na rúa José Costa Alonso 22, para o que presenta o recibo de pago das taxas por un importe de 90,00 euros (75,00 € vado e 15 € do sinal)

Visto o informe do inspector xefe da Policía Local do concello de Moaña do 23 de outubro de 2009, onde di:

“Escrito presentado por María Gonzalves Nogueira, con DNI..., solicitando a concesión dunha pasaxe permanente para o baixo núm. 22 da rúa José Costa Alonso (a entrada e saída a este é pola rúa Miguel Enríquez).

Por parte desta policía local infórmase que se trata dun baixo lóbrego. Que presenta un portal de acceso de tres metros de ancho e igualmente de rebaixe no bordillo da beirarrúa.

Que según manifesta a requirinte procede a solicitude desta pasaxe co fin de gardar un turismo no seu interior”.

Visto o informe do inspector de obras do día 2 de novembro de 2009 que indica que se encontra en zona urbana,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o vado solicitado por D<sup>a</sup> MARÍA GONZALVES NOGUEIRA, cunha entrada de 3 metros, polo cal presenta o recibo de taxas por un importe total de 90,00 € e que se notifique o presente acordo á Recadación municipal.

## **9.- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE CONTRATO DE OBRAS “CONSERVACIÓN E REFORMA DO CENTRO CULTURAL ROSALÍA DE CASTRO”**

En data 26 de xaneiro de 2009 o Concello acordou adxudicar definitivamente o contrato de obra “Conservación e Reforma Centro Sociocultural Rosalía de Castro” á empresa TECODE GALICIA S.A.L., polo prezo de CATROCIENTOS CORENTA E NOVE MIL DOUSCENTOS VINTE EUROS (449.220,00 €), IVE incluído.

En data 11 de marzo de 2009 extendeuse acta de replanteo iniciándose a execución das obras.

En data 1 de setembro de 2009, o Director Facultativo da obra emite informe sobre o estado de paralización da mesma.

Á vista do tempo transcorrido e atendendo ao prazo de execución das obras previsto no contrato, 6 meses a partir do da seguinte ao de subscripción da acta de comprobación do replanteo, o Concello acordou requirir da empresa TECODE GALICIA S.A.L., adxudicataria da obra “Conservación e Reforma Centro Sociocultural Rosalía de Castro” para que procedese ao reinicio das obras con carácter inmediato, co apercibemento de que de non acometerse o requirido, o Concello, procedería ao inicio



do expediente de resolución contractual por demora no prazo de execución dos traballos conforme ao prazo previsto no contrato.

Consta no expediente a presentación das certificacións de obra 1 e 2 por importe de 6.958,55 e 0 euros respectivamente.

O requerimento, foi notificado, logo de tentarse mediante correo ordinario, mediante burofax en data 5 de outubro de 2009.

A Xunta de Goberno, á vista dos citados antecedentes, e, como órgano de contratación, de conformidade cos artigos 196 e 197 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, en data 30 de novembro de 2009 acordou iniciar expediente de resolución do citado contrato, acordando a emisión de informes e posterior concesión de un prazo de dez días hábiles de audiencia ao adxudicatario para alegar o oportuno respecto da proposta de resolución do contrato por incumprimento nos prazos de execución previstos no contrato, proposta a emitir logo dos citados informes.

En data 2 de decembro de 2009, a Secretaría Municipal emite informe sobre a resolución do contrato.

En data 28 de decembro de 2009, o Director Facultativo da obra e o Arquitecto Técnico Municipal emiten informe, logo da comprobación e medición pertinente, sobre obra efectivamente executada pola empresa a efectos da liquidación do contrato. Na mesma se determina como total certificado 8.266,32 euros, derivados de aplicar ao importe de 6.958,55 euros, os gastos xerais, beneficio industrial e IVE.

Á vista dos citados antecedentes, pola presente, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda remitir á empresa adxudicataria e á entidade avalista do contrato a presente proposta de resolución de contrato, concedendo un trámite de audiencia, por prazo de dez días hábiles contados a partir da recepción da presente notificación para que aleguen e presenten os documentos e xustificacións que estimen pertinentes:

**PRIMEIRO.-** Resolver o contrato de obra “Conservación e reforma do Centro Cultural Rosalía de Castro” adxudicado á empresa TECODE GALICIA S.A.L., contrato adxudicado por acordo da Xunta de Goberno deste Concello en data de 26 de xaneiro de 2009, á vista do tempo transcorrido sen que se reiniciasen as obras e o prexuízo que a demora na execución está a causar a este Concello.

**SEGUNDO:** Aprobar a certificación ordinaria nº 1 de data 1 de abril de 2009 por importe de 6.958,55 €, a certificación ordinaria nº 2 de data 1 de maio de 2009, por importe de 0,00 €, da obra “Conservación e Reforma Centro Sociocultural Rosalía de Castro”.

**TERCEIRO:** Aprobar o pago da liquidación conforme á comprobación e medición efectuada da obra executada, por importe de 8.266,32 euros, recoñecendo a obriga con cargo á partida 4510.622.01 do vixente Orzamento Municipal.

**CUARTO:** Proceder a incautación da garantía definitiva depositada no Concello.

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, ás 19:40 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario accidental, DOU FE.